

Acta número 11/2006, da Mesa Xeral extraordinaria de Negociación da Comunidade Autónoma.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidente	José Rodríguez González
Secretario	Víctor Gallego Víncent
Presidencia da Xunta de Galicia	Eva Sanín Mariño
	Nita Ferreiro Nóvoa
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Ramón del Valle López
C.Presidencia, administracións públicas e xustiza	Santiago Antonio Roura Gómez
	José Manuel Maceira
C. Economía e Facenda	Pedro Antonio Fernández Fdez.
	Marta Blanco Aller
	Mª Dolores Rodríguez Amaya
	José Antonio Villar
C. do Medio Rural	Eleutino Alvarez Alvarez
C.Pesca e Asuntos Marítimos	Marta Ramos Lage
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	María Chas de la Calle
C. Educación e Ordenación Universitaria	José Luis Canosa Baldomir
	Marina García Valeiras
C.Innovación e industria	Lourdes Courtier Ramos
C. Cultura e Deporte	Carlos Amoedo Souto
	Miguel Ares Casal
C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.	Jorge Antonio Santiso Blanco
	Maria Lourdes Batán Aira
C.Traballo	Mª Carmen Calviño Rodríguez
	Víctor Tubío Villar

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG	Manuel Gallardo Canitrot Anxo Louzao Rodríguez Xesús Antón Bermello García
CC.OO.	Carlos Pardo Pardo José Luis Marco Luaña Rosario M. Alonso Fernández
UGT	Rosario Valledor Puente José Vazquez Riveira Juan Carlos Fernández Fdez. Miguel Dono Gomez.
CSI-CSIF	Álvaro Fernández Baamonde. Alvaro Aldemira Requejo Xosé Raposo Gallego

En Santiago de Compostela, sendo as doce horas trinta minutos do día dezaioito de outubro do ano dous mil seis, reúnen-se en sesión extraordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Mesa xeral de negociación segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro: Estudo do anteproxecto relativo á masa salarial do capítulo I do proxecto de Lei de orzamentos da xunta de Galicia para o ano 2007.

O director xeral de Orzamentos expón:

Que pide disculpas ós presentes dado que a unha terá que abandonar a presente reunión dado que ten outra tamén con representantes das organizacións sindicais presentes onde se presentan os orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2007.

Que a información está na documentación que lles foi entregada e que os grandes números en cifras redondas supoñen, en cuanto ao capítulo I 3.174.000€ o que supón un incremento do 8,27 fronte ao 7,59 do ano pasado.

Como principais cifras destaca:

O incremento do 2% xeneralizado.

O 1% da masa salarial para incremento do específico nas pagas extras ata conseguilas íntegras nun prazo de tres anos.

Consignación das cantidades derivadas dos acordos acadados con determinados colectivos

de persoal nos seus foros correspondentes (sanitarios, docentes, persoal de xustiza, persoal de incendios...).

Neste sentido toma a palabra o director xeral da Función Pública informado os presentes que fai escasos minutos rematouse a sinatura dun acordo, cos representantes sindicais da mesa sectorial de funcionarios e representantes do intercentros do persoal laboral, que afecta a un colectivo de 22 000 traballadores. O dito acordo é de carácter plurianual ata o ano 2009 que non so afecta ao rexime retributivo deste persoal senón que ademais establece unha serie de medidas para negociar aspectos das súas condicións de traballo, reduccion da temporalidade ata o 8%...Os incrementos retributivos manifesta que son idénticos para ambos colectivos (funcionarios da mesa sectorial e laborais representados no intercentros), e que o mesmo está a dispor dos interesados que o requiran.

Continúa coa súa intervención o DX de orzamentos expoñendo que as partidas orzamentarias destes recente acordo están xa recollidas nos orzamentos do ano 2007.

O representante da CIG manifesta:

Que esta convocatoria debería terse feito, pola transcendencia para todos dos temas a tratar, con mais tempo para poder estudiala cunha maior profundidade.

Bota de menos que non se fixen na norma fondos adicionais para compensar o poder adquisitivo perdido entendendo que debería haber unha proposta que significase a recuperación desa perda de poder adquisitivo para evitar a devaluación do salario dos empregados.

Está en desacordo con que a suba se dea consonte ó IPC previsto, dado que este non se acerca ao real, solicitando polo tanto unha suba do 7% dado ó ser este, a seu entender o IPC real.

Que ó seu entender é rexeitable que non apareza unha clausula de revisión salarial nin fondos adicionais.

Menciona algúns problemas que non teñen reflexo no proxecto:interinos que non perciben trienios, alongamento no tempo da inclusión integra nas pagas extras do complemento específico, a non redución da xornada a 35 horas semanais, a taxa de reposición de efectivos, e a non inclusión do 1% da masa salarial para o fondo de accion social.

Solicita que se poña unha parte importante do fondo adicional lineal para non incrementar a perda do poder adquisitivo dos empregados públicos, pedindo que se produza unha nova proposta nesta administración distinta á da administración do estado.

Que están en contra do establecido no artigo 26 do proxecto en relación o contratado temporal a tempo parcial dos docentes entendendo que este é un dos aspectos mais negativos do proxecto, rexeitandoo e solicitando que se suprima este apartado do texto.

O representante de CCOO manifesta:

Que este non é o local axeitado para realizar este tipo de reunións.

Que dada a marcha do director xeral de orzamentos non lles deu tempo a solicitar que aplace a

reunión que ten a unha coas organizacións sindicais sobre a exposición integra do proxecto de orzamentos.

Que asume a súa organización o que se pechou en mesa estatal, pero manifesta que eso non pecha as partes nas súa relacións nos ambitos das mesas xerais autonómicas.

Pide o 0,9% da masa salarial para fondos adicionais dado que a previsión da inflación quedou corta.

Sinala que falta no artigo 12 un parágrafo que existe na lei estatal, sinalando que debe meterse na lei de orzamentos da Xunta dado que isto supón o respecto dos acordos acadados nas distintas mesas sectoriais.

Sinala que falta tamén no proxecto de orzamentos galego outro texto que está recollido na lei estatal en relación as OPEs e a súa cuantificación.

Que o obxectivo é o de acadar o 1% da masa salarial para fondos de acción social e que co incremento de so 600000€ en comparación cos diversos incrementos de persoal entende que cada ano a porcentaxe que se aplica e inferior o que conleva que nos alonxemos ano tras ano da previsión de chegar a ese 1% de masa salarial para esta finalidade.

Celebra que a Xunta de Galicia prevexa un custo adicional para a consellería de medio rural dado o acodo hipotético alcanzado cualificando o mesmo aínda de preacordo.

Solicita que se incrementen os fondos para identificar os problemas da saúde laboral na Administración Pública Galega.

O representante de UGT manifesta:

Que esta mesa houbera requirido ter a documentación con mais tempo.

Coincide co anterior representante sindical en que este non é o local axeitado para este tipo de reunións.

Que hai que incluír tal como o fai a lei estatal que os acordos non poden ser absorbidos.

Solicita que se apliquen con criterios de racionalidade sen disfuncións e sen desequilibrios con criterios de solidariedade e distribución os orzamentos.

Solicita que se cuantifique o acordo acadado esta mañá na mesa sectorial de funcionarios e o comité intercentros do persoal laboral.

Que se cuantifique tamén os créditos que se aplican ao complemento de destino do persoal funcionario.

Solicitan unha serie de aclaracións de distintas prazas que se crean: na vicepresidencia, na dirección xeral da función pública, solicita que as xefaturas de servizo C sexan A, na CPTOP, na consellería de pesca, na consellería de traballo, no FOGA.

En cuanto a partida do FAS a cualifica de avance pero entende que está lonxe do obxectivo previsto de achegarse ao 1% da masa salarial.

Solicita que debería haber unha partida para a recuperación do poder adquisitivo dos funcionarios.

Que falta a dotación orzamentaria necesaria para a modificación da lei da Función Pública que se está a tramitar.

O presidente da Mesa Xeral manifesta que as preguntas puntuais serán contestadas por escrito.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que esperaba unha proposta diferente nesta mesa xeral por parte deste goberno progresista entendendo que o ano pasado estaban os orzamentos comprometidos entendendo que este ano isto ía ser diferente.

Solicita un acordo plurianual para a recuperación do poder adquisitivo faltando ao seu entender unha cláusula de revisión salarial para recoller a desviación do IPC.

Que valoran positivamente os acordos acadados esta mañá, e que se debería recoller a previsión de respecto dos acordos acadados que aparecen na lei estatal e que faltan no proxecto da xunta de Galicia.

Entende que é insuficiente a partida para incrementar a contía do FAS.

Non se sabe se están recollidas as previsións de acordos no ámbito do SERGAS.

Que lle sorprende a falta de incremento de plantilla na dirección xeral da función pública.

Que están en contra da creación das xefaturas de servizo tipo C.

Que non ven reflexado o incremento de niveis dos grupos A e B na consellería de cultura.

O Presidente da Mesa Xeral expón:

Que se contestará por escrito as OOSS en relación as preguntas concretas formuladas polos seus representantes.

En cuanto os temas de carácter xeral son os mesmos que os do ano pasado cando estudiabamos os orzamentos do capítulo I para o ano 2006 entendendo que as OOSS soliciten cláusulas de revisión salarial. Entende que non está de máis lembrar por todos que existe unha obriga legal que impón uns límites o crecemento das retribucións dos empregados públicos que se concreta no 2% xeralizado e o 1% da masa salarial para os complementos específicos nas pagas extras. Non sería polo tanto procedente recoller nunha norma que ten que plasmar a lexislación básica estatal incrementos superiores ós establecidos. E certo que temos a porta aberta mediante os fondos adicionais que se negocian nas distintas mesas sectoriais e así se funciona dende todas as mesas polas OOSS.

Entende que en cuanto a taxa de reposición de efectivos houbo un avance ao permitir convocar o 100% das prazas vacantes e as prazas ocupadas de forma temporal dende o 1 de xaneiro de 2005, e nesta materia se aplica disciplinadamente a lei estatal.

A representante da dirección xeral de orzamentos manifesta que dará traslado de todas as cuestións plantexadas ao titular da dirección xeral .

O representante da CIG manifesta:

Que ao seu entender a normativa básica permite mecanismos para a recuperación do poder adquisitivo perdido. No proxecto da xunta non se recolle o 0,5% da masa salarial que aparece na normativa estatal. Entende que nas mesas sectoriais se chegaron a acordos derivados de especificidades dos propios

colectivos pero non por fondos adicionais para a recuperación do poder adquisitivo perdido. Solicita que se aplique esa cantidade do 0,5% para paliar a perda do poder adquisitivo houbera ou non acordos nas distintas mesas sectoriais.

Solicita que ese 0,5% se reparta de forma lineal entre todos os empregados públicos.

O representante de CCOO manifesta:

Que a lei de orzamentos estatal permite fondos adicionais para a finalidade que as distintas administracións decidan.

Se non vai a haber fondos adicionais solicita 900000€ para o FAS.

Solicita que se repoña o texto estatal que se suprimiu no proxecto de orzamentos desta comunidade autónoma.

O representante de UGT manifesta:

Que non ten problemas con que se lles conteste por escrito as súas preguntas ou aclaracións.

Que nas mesas sectoriais se estudian peculiaridades dos distintos colectivos e que polo tanto solicitan tamén un fondo adicional para todo o colectivo de empregados públicos.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que se recolla a referencia ao 1% da masa salarial e que en ningunha mesa se recuperou o poder adquisitivo dos empregados.

Punto segundo: Anteproxecto de Lei Galega para a inserción laboral das mulleres.

O director xeral da función pública expón:

Que o anteproxecto de lei foi confeccionado pola consellería de traballo cunha serie de disposicións onde se amplian os dereitos dos traballadores e traballadoras sendo o texto un marco de referencia tamén para o sector privado.

A arela da inserción laboral da muller se ten que facer efectiva no ámbito público e para eso co anteproxecto se modificará a normativa da función pública recollendo temas de grande importancia tales como: paridade, flexibilización da xornada, xestantes e vacacións, salas de repouso e de lactación, novos permisos, igualdade real e conciliación da vida familiar e laboral... estando coordinadas as ditas medidas coa modificación da lei da función pública de Galicia integrando os dous textos legais debendose orientar a que no ámbito privado se acaden un nivel de dereitos asimilables ós funcionarios públicos da Xunta de Galicia.

O representante da CIG manifesta:

Que n vintecatro horas non se poden facer alegacións dunha forma seria ao presente texto, manifestando que na modificación da lei de función pública houbo reunións sindicais moi consensuadas debendo haber unha nova negociación deste novo texto legal.

O representante de CCOO manifesta:

Que coincide co representante da CIG en que este texto debe negociarse neste ámbito dado que afecta a medidas que afectan as relacións laborais dos empregados da Xunta de Galicia.

Que conste que esta organización sindical xa avisou no seu momento que esta modificación da lei tamén se tiña que negociar en este ámbito., aínda que non está a manifestar en este momento que o texto non se poida mellorar.

En cuanto a flexibilidade horaria que se regula se deixa a negociación individual dos interesados que parece que vai en contra da negociación colectiva que o sindicato defende.

Pide que se lle aclare o tempo do permiso de paternidade se durará 14 días, oito ou 22 días.

Que conste que están enoxados co proceso de negociación desta lei.

Entende que o crédito de horas por lacatancia deberá aparecer na lei da función pública.

O presidente da mesa xeral manifesta que o permiso de paternidade é de catorce días con este novo texto, e que se do dictamen do CES se desprende que ten que pasar por este foro de negociación loxicamente se negociará nesta mesa xeral recalando que en ningún momento se traballa a marxe dos sindicatos poidéndose estudar agora o facer por parte das organizacións sindicais as alegacións que estimen oportunas

O representante de UGT manifesta:

Que na mesa do diálogo social do CES anunciaron o solapamento da modificación da lei da función pública e o texto hoxe aquí presentado.

Que hai artigos con difícil encaixe no ordenamento da función pública.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que entenden que a lei se vai a negociar nesta mesa xeral pero non entenden o curto marxe de tempo que tiveron para estudar este proxecto normativo.

Piden un prazo de dez días para presentar as alegacións oportunas dado que o teñen que estudar os distintos órganos do seu sindicato.

O representante da CIG manifesta

Pide que haxa unha reunión próxima e que se negocie a modificación da lei

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas dez minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE

PRESIDENTE

Asdo.: José Rodríguez González.

DOU FE

SECRETARIO

Asdo. Víctor Gallego Víncent.